
Goretti Sanmartín Rei, *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*, Vigo, Xerais, 2009, 175 páxinas¹

Cualificado como “lúcido e transgresor” (Romero 2009) e como “unha obra moi oportuna e necesaria” (Fernán Vello 2009), *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* é unha firme crítica ás oportunidades normalizadoras perdidas e, asemade, unha proclama ao emprego dun modelo de lingua culto e de calidade. Con esta preocupación pola defensa e a calidade lingüística do galego, Goretti Sanmartín Rei únese ao ronsel dunha boa parte da produción (socio)-lingüística galega de 2009 e inicios de 2010, en que viron a luz diversos traballos relacionados con estes aspectos. É o caso dos ensaios *Lingua de calidade* e *De fala a lingua: un proceso inacabado*, redixidos por outros membros da Área de Galego-Portugués da Universidade da Coruña, como son Xosé Ramón Freixeiro Mato (2010) e María Pilar García Negro (2009) respectivamente; como tamén cómpre destacar o traballo *55 mentiras sobre a lingua galega*, coordinado por Xosé-Henrique Costas (2009).

Así pois, debido á actualidade e á necesidade do volume que estamos a recensionar, xunto co ton apelativo que se respira no libro e que nos pide resposta, que nos pide acción, non sorprende que o texto resultase finalista dos Premios da Crítica de Galicia 2009, na categoría de Ensaio. E isto débese, fundamentalmente, porque aborda moitos dos problemas urxentes a que se enfrenta actualmente a lingua galega e porque reivindica persoeiros da nosa tradición para nos “sentirmos elos dunha cadea que debemos transmitir con entusiasmo” (cuberta posterior do libro).

Esta obra, ganduxada por Sanmartín cunha calidade lingüística impecábel, a dar mostra de que non só a recomenda, mais tamén fai uso dela, estrutúrase á volta de sete aneis concéntricos, cal tronco de “Milgrandeira” cunha codia vestida de “Limiar” e de “Epilogo”. Porén, antes de procedermos ao comentario dos sete capítulos, temos de comezar por facer referencia aos elementos paratextuais, que tan ben estudou a profesora da UDC (2002a e 2002b), para nos iniciarmos nas chaves de lectura e interpretación do libro. Así, no título e subtítulo do volume canalízanse dúas arterias condutoras ao longo do libro: por un lado, o convite a camiñar da man do entusiasmo, da emoción e do interese ao que é de noso, e, por outro, a recuperación de usos e dun modelo de lingua culto e de calidade como cerna

¹ O texto foi revisado con posterioridade á data de aceptación debido á nominación do libro aos Premios da Crítica de Galicia.

da planificación lingüística. Deste modo, no título achamos unha total unión entre planificación e calidade lingüística, concordando coa tese da profesora Sanmartín ao acreditar que non é posíbel unha sen a outra.

Principiamos a lectura do libro e nas páxinas 9-13 descubrimos un “Limiar” caracterizado ambigüamente xa na propia alínea mediante o adxectivo “(des)-necesario”. Esta anfiboloxía débese, como a autora xa salientou en diversas presentacións do libro, a que moitas das súas páxinas non debían ser necesarias, porque dous textos fundamentais para progresarmos na normalización lingüística, como foron as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (NOMIG) de 2003 e o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* (PXNLG) de 2004, non se converteron finalmente nas “ferramentas con que avanzar nun proceso de recuperación de usos da lingua galega” (páx. 10); e tamén porque foi escrito e corrixido nun delicado momento familiar. Por este motivo, decide elaborar unha crítica coa fin de reconducir a política lingüística actual e unificar esforzos, sendo crítica mesmo coa súa experiencia dentro da Comisión de seguimento e Impulso do PXNLG.

O contido primeiro capítulo, que leva o interesante título “1. Da seguranza lingüística” (páxs. 15-30), podemos sintetizalo mediante a sentenza inicial: “A seguranza no modelo de lingua que empregamos é unha peza chave no proceso de restauración e de conservación do idioma que foi sistematicamente desprezada” (páx. 15). Sen dúbida, é mester recuperar e estender os usos do galego e para iso é necesario “garantirmos profundas seguranzas intra- e extralingüísticas” (páx. 17). Precisamente isto enlaza co feito de se acolleren moitas persoas ao acordo normativo só intra- e non extralingüísticamente, “apoiadas” na demora da RAG na publicación do texto e pola demora da Administración na adopción do modelo, polo que “continuaron a usar case na súa totalidade o modelo anterior sen se decataren de que había unha vontade política de construción colectiva que supuña algo máis que un esforzo adicional para nos reescribirmos de novo” (páx. 23). Por este motivo, Sanmartín insta a combatermos “a inercia (a comodidade, a seguranza) anterior e lembrar que existe un novo momento para a lingua” (páx. 25), o momento da calidade e o da simbiose da lingua coa planificación e a intervención.

Así, consideramos que neste capítulo inicial, de grande clareza expositiva, a profesora da UDC expón varias críticas que precisaban ser escritas –*scripta manent*–, que necesitaban ser denunciadas –de aí a necesidade de que falaba no “Limiar (des) necesario”–, para avanzarmos na homoxeneidade e calidade da lingua, como a má xestión na organización, validación e deseño didáctico dos Celga (Certificados da lingua galega) ou a manida *questione* da común asunción do acordo, corporeizada metonimicamente no uso de *ao*, da primeira forma do artigo e dos sufixos *-aría*

e *-ble*; así como o desleixo na calidade lingüística dos falantes –unha das causas do abandono lingüístico actual– e, mesmo, dos licenciados (e profesores) en Filoloxía Galega. Así, Goretti acredita na procura dun modelo de lingua auténtico, desprovisto do trazo coloquial ou elitista e afastado do español, en que prevalezan as estruturas morfosintácticas máis tradicionais e auténticas do galego, como o infinitivo flexionado, o futuro do Subxuntivo, enfeitado dunha precisión léxica (non todo é *atopar, buscar, lista, crer, quedar*).

Baixo o irónico título “2. Sobre as ocultas relacións entre compromiso lingüístico e calidade da lingua” (páxs. 31-42), a autora consegue tecer un discurso novamente crítico sobre o modelo de lingua que empregan persoeiros da sociedade galega, nomeadamente os/as políticos/as nos seus discursos públicos, xa que “a calidade da lingua que empregamos é un sinal inequívoco, público, notorio, do noso compromiso lingüístico” (páx. 36). É, pois, preciso que os espellos públicos en que nos ollamos empreguen unha lingua culta e de calidade, depurada de dialectalismos, de vulgarismos e de españolismos (crítica extensíbel tamén a unha parte do discurso nacionalista, que non asumiu a mellora do seu galego, en opinión da autora), pois “non é posible acreditar, neste contexto histórico, nun discurso de defensa da lingua galega usando un modelo da lingua tan pouco acaído, tan corrompido como escoitamos ao noso redor e como acabamos interiorizando como natural e adecuado” (páx. 36); é dicir, non abonda con falalo, hai que o falar ben. É inconcibíbel, pois, que os falantes non se preocupen por conservaren unha boa fonética cos modelos entoativos propios do galego; é inconcibíbel que a clase política, ou mesmo unha parte do profesorado de galego, cometan erros na colocación dos pronomes átonos e na distinción entre *te* e *che*, ou inclusive prescindan de usar o infinitivo flexionado. Porque, como se pregunta Goretti, “que acontece cando ducias de docentes explican o infinitivo flexionado, cando esixen que o seu alumnado o aprenda morfoloxicamente e pasan a non o usar nunca? Acontece que o infinitivo flexionado comeza a desaparecer” (páx. 42).

Por outra parte, a autora tamén denuncia, con grande estupor, a falta de responsabilidade dos textos de políticos e membros de institucións ou administracións, que deixan que outros os corrixan e/ou revisen, sen posteriormente faceren *feedback* das correccións, sen os “voltaren a facer seus”. As correccións de textos é unha das tarefas habituais nos Servizos de Normalización Lingüísticas, mais cómpre devolverlles o papel de dinamizadores e planificadores lingüísticos coa redución destas tarefas, de maneira que cada persoa actúe individualmente con seguranza lingüística. Neste sentido, a propia Goretti fai autocrítica do SNL da UDC, de que é directora e no cal se atenden moitas correccións de textos e avoga porque nun futuro os SNL “non precisen, a medio prazo, corrixir textos, sobre todo daquelas persoas que forman parte estable das institucións en que se insiren e que deben usar, oral e

por escrito, o galego no desenvolvemento das súas funcións profesionais” (páx. 38). Para iso, as mellores ferramentas para mellorarmos o noso galego son a audición de discursos en que se empregue un galego de calidade e, sobre todo, a lectura, un hábito que se está a abandonar, mesmo por parte de especialistas que só len artigos da súa “especialísima especialidade”.

O capítulo “3. Rebautizando: acreditamos na consciencia diferencial” (páxs. 43-66) dedica unha especial atención ao plurilingüismo, xa que a actual defensa deste oculta outras cuestións de relevancia. Neste sentido, concordamos coa autora en que “o plurilingüismo é útil para movérmonos polo mundo, para ampliarmos os nosos coñecementos, para coñecermos outras realidades” (páx. 51), de modo que esta posibilidade vai dirixida esencialmente aos sectores da poboación con máis formación. Porén, nesa defensa, como salienta Sanmartín Rei, omítese que o plurilingüismo esvaece os nosos sinais de identidade e que se reduce, finalmente, á presenza do español, pretendendo, así, ignorar o conflito lingüístico existente en que a presenza do español (música, cinema, teatro, libros, aulas na universidade...) é moi maioritaria. Alén disto, para termos unha sociedade plurilingüe debería estar asegurada a plena competencia en galego ao saíren da educación obrigatoria, feito que na actualidade non se cumpre. En consecuencia, “a arma do monolingüismo social como base fundamental, de amálgama, de feitura de masa para o noso país, é a única que ten como obxectivo unha homoxeneidade lingüística, cultural, social” (páx. 51). Por tanto, “a nosa obriga é, nesta liña, sermos intransixentes” (páx. 48) na reivindicación dos nosos dereitos.

No punto “4. El habrá ligazóns entre o modelo de lingua e as políticas lingüísticas?” (páxs. 67-90), Goretti revisa a política lingüística dos últimos anos, nomeadamente durante o goberno do bipartito. A chegada deste novo goberno á Xunta parecía que podía mudar a política lingüística anterior, sobre todo coa integración de Política Lingüística na Secretaría Xeral, de maneira que tería un carácter transversal a todas as consellarías. Porén, este novo goberno caracterizouse por un “continuismo fraguista”, enraizado nunha ideoloxía favorábel ao bilingüismo social e á non conflictividade lingüística. Así, por unha banda, centraron a súa acción na construción de materiais de formación para os novos Celga, sen contaren co asesoramento de especialistas, de modo que fixeron traducións directas de libros en español, tentaron retomar vellos tópicos ou non reflexionaron fondamente sobre as validacións na súa xusta medida. Por outra banda, continuouse coas axudas e subvencións para diferentes conceptos “sen seren avaliados nin xustificadas, sen teren un obxectivo claro” (páx. 86), para alén de continuaren a destinar bastante diñeiro ao Ramón Piñeiro, cando se trata dun gran centro de investigación e non de planificación e intervención lingüísticas. Alén disto, o modelo de lingua que empregaron en borradores non oficiais presentaba un galego altamente deficiente, quer por ser unha tradución automática do español,

quer por non se adaptar ás NOMIG de 2003. Por tanto, nestes anos a planificación lingüística foi de “baixa intensidade” e non se converteu no organismo transversal que se debería ser.

Á vista do anterior, e para que a intervención lingüística deixe de ser unha declaración de boa vontade, Goretti propón un dodecálogo de actuación vital para a Secretaría Xeral de Política Lingüística en que destacamos o desenvolvemento de accións para frear o proceso de substitución lingüística, a realización dunha campaña interna sobre calidade lingüística e a garantía duns mínimos de corrección ao funcionariado, a actuación real como organismo transversal, a planificación e execución do “Pacto pola lingua”, a creación de posibilidades para o lecer en galego ou, tamén, a creación de redes de apoio á normalización e dinamización lingüísticas.

No capítulo “5. En defensa dos panfletos, da paixón e do entusiasmo” (91-109), Sanmartín Rei leva a cabo unha reivindicación do panfleto como xermolo da sociolingüística galega, pois tivo a función de “espertador de consciencias e propagador da ideoloxía nun contexto como o galego” (páx. 97). Precisamente, foron os panfletos os que serviron ao movemento nacionalista como “propaganda”, para persuadir e convencer as persoas para aceptaren un proxecto específico, como a regaleguización, o reforzo da autoestima e a lealdade lingüística. E nesta xeira panfletaria é onde se enmarcan moitos dos textos de Ramón Vilar Ponte, pois non seus textos respírase entusiasmo, queixa... xunto cunha “vontade de planificación para dotar a literatura galega de textos básicos dunha cultura adulta e moderna” e cunha “clara proposta de análise e intervención sociolingüística, a través do que el denominou a necesaria “política da lingua”, que a súa xeración [a *Xeración do 16*] practicou” (páx. 108).

O capítulo “6. Recoñecéndonos elos da cadea. A restitución da construción colectiva” (páxs. 111-150) é unha continuación do apartado anterior, mais neste caso a autora centra a súa atención propiamente na *Xeración do 16*, a que pertence o irmán menor dos Vilar Ponte. Esta dedicación especial que dá á dita xeración –que, na nosa impresión, quebra un pouco o discurso xeral do libro pola súa extensión– baséase no feito de que é “sen ningunha dúbida, a que de maneira máis sistemática abordou aspectos relativos á moderna planificación lingüística” (páx. 120). Deste modo, a *Xeración do 16* artellou organismos colectivos e, no caso de Ramón Vilar Ponte, “planificou dotar a literatura galega de textos básicos e útiles ao propósito de emancipación nacional que defendía” (páx. 120), como *Doctrina Nazonalista* ou *O feito lingüístico galego*, entre outros. Por tanto, a autora, cos panfletos e cos textos que a *Xeración do 16* elaborou, fixa o inicio da sociolingüística galega uns anos antes, deslocando a data proposta por Antón Santamarina, para quen daría comezo no ano 1967 con Ramón Piñeiro. Porén, Goretti argumenta que as preocupacións que Piñeiro sistematiza perfectamente

na súa obra xa están en Ramón Vilar Ponte ou en Manuel García Blanco. Así, a importancia do filósofo lancaroa reside, para Sanmartín, “no feito de constituír un artigo, neste caso escrito en galego, dedicado de maneira única ao tema da lingua e combinado coa procura dunha sistematización e dunha conceptualización dos principais problemas para o galego” (páx. 135).

O último capítulo, “7. Do perigo da disección como método de análise” (páxs. 151-157), constitúe, sen dúbida, unha das críticas máis rotundas que encontramos, centrada nun tipo de profesorado que defende unha comunión entre lingua e literatura sen facer uso dela e nunha sociedade que se gaba de non ler. Para alén disto, a autora propugna o uso de trazos morfosintácticos habituais no galego coloquial como a interpolación pronominal, o infinitivo flexionado e as estruturas preposicionais transitivas dependentes de verbos (do tipo *chamar pola nena*), xa que na actualidade se encontran en situación de retroceso por causa de ter o español como referente; de maneira que é obvio que “cómpre revitalizar un discurso que defendeu o reintegracionismo” (páx. 157).

Estes sete capítulos, concluídos en outubro de 2008, veñen acompañados dun apéndice final, o “Epílogo” (páxs. 159-160), escrito, por tanto, con posterioridade á redacción xeral do libro. Nel, a autora, empregando unha linguaxe poética, parte dun discurso inicial algo derrotista (“estás cansa. Porén, non podes durmir”, páx. 159), para pasar a outro esperanzador ou entusiasta, en que “as galegas e os galegos de nación” constrúan e defendan unha lingua de seu e de calidade.

En resumo, a autora de *Nos camiños do entusiasmo* xulga que a calidade e o uso de estruturas morfosintáctica xenuinamente galegas, acompañado dunha boa fonética e precisión léxica, é vital para manter un modelo de lingua diferencial e cualitativa que continúe a exercer de filtro contra o español. Ao mesmo tempo, é preciso “apostar pola integración do pensamento nacionalista de outrora nas reflexións sobre a planificación lingüística actual” (páx. 112).

Xa para finalizar, só resta darnos os nosos parabéns á autora por nos proporcionar un texto fundamental e necesariamente crítico que fai reflexionar sobre a importancia da calidade da lingua que reverte no compromiso e na defensa dela.

Xoán López Viñas

Referencias bibliográficas

- Costas, X.-H. (coord.): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Fernán-Vello, M. A. (2009): “Proposta de lectura”, *Galicia Hoxe* (09.03.2009).
Dispoñíbel en <http://www.galiciahoxe.com/hemeroteca-web/gh/proposta-lectura/idEdicion-2009-03-09/idNoticia-403712/>.
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Xerais).
- García Negro, M. P. (2009): *De fala a lingua: un proceso inacabado* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Romero, M. (2009): “Lúcido e transgresor. Por un discurso anovador”, *Faro da Cultura* (26-03-09) 284: IV.
- Sanmartín Rei, G. (2002a): *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1863-1936)* (A Coruña: Espiral Maior).
- Sanmartín Rei, G. (2002b): *Os (pre)textos galegos (1863-1936)* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).